

INFORMACIÓN SOBRE A TIRADA DE FOGOS DE ARTIFICIO

Os modelos de comunicación previa e solicitude de autorización poden descargarse da páxina web www.santiagodecompostela.org ou solicitarse na Oficina de Atención á Cidadanía. Preséntanse no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo.

ADVERTENCIA.- O Concello non poderá outorgar autorización para tiradas con materia regulamentada superior a 100 kg, senón se ten obtido previamente a autorización da Subdelegación do Goberno da Coruña.

TRAMITACIÓN

TRÁMITES NO CONCELLO

- No caso de **tirada de fogos de artefacto de ata 100 kg** de materia regulamentada: Deberá presentar **comunicación previa**, acompañada da documentación que figura no modelo oficial do Concello de Santiago.
- No caso de **tirada de fogos de artefacto de máis de 100 kg** de materia regulamentada: Deberá presentar **solicitude de autorización** acompañada da documentación que figura no modelo oficial.

TRÁMITES NA SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO

1. Nos supostos de que o contido en materia regulamentada sexa superior a 10 kg e inferior a 100 kg é necesario comunicar á Subdelegación do Goberno da Coruña a celebración dos espectáculos, cunha antelación mínima de 10 días, acompañada da documentación prevista na ITC 8 e no seu Anexo. Cando se utilicen máis de 50 kg de materia regulamentada, ademais da documentación a que se ten feito referencia, deberase presentar un Plan de Seguridade coa información que se detalla no punto 5 da ITC 8, do Regulamento de artigos pirotécnicos
2. Cando o contido en materia regulamentada sexa superior a 100 kg, será necesario solicitar autorización da Subdelegación do Goberno da Coruña, para a celebración do espectáculo pirotécnico realizado por expertos, cunha antelación mínima de 15 DÍAS, acompañada da documentación prevista na ITC 8 e no seu Anexo II. Neste suposto deberase presentarse, ademais do Plan de Seguridade, un Plan de Emerxencia coa información que se detalla no apartado 2 do punto 5 da ITC 8 do Regulamento de artigos pirotécnicos.

A solicitude de autorización ou a comunicación, no seu caso, debe ser presentada pola entidade organizadora no modelo de solicitude contida no Anexo I do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, aprobado por Real Decreto 989/2015, de 30 de outubro.

Esta solicitude será individual para cada un dos espectáculos pirotécnicos que se vaian a disparar, xunto coa documentación que se deberá presentar por triplicado, e dentro dos prazos mínimos de antelación ó día de celebración do espectáculo pirotécnico.

No Anexo II da ITC 8 se recolle unha táboa resumo dos requisitos a cumprir para a celebración dos distintos espectáculos:

- A. Espectáculos con artificios pirotécnicos realizados por expertos cuxo contido en materia regulamentada sexa superior a 10 kg e inferior a 50 kg.
- B. Espectáculos con artificios pirotécnicos realizados por expertos cuxo contido en materia regulamentada sexa superior a 50 kg e inferior o igual a 100 kg.
- C. Espectáculos con artificios pirotécnicos realizados por expertos cuxo contido en materia regulamentada sexa superior a 100 kg.

Cando as solicitudes de autorizacións, permisos e licenzas reguladas no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, non foran resoltas no prazo de TRES MESES, contados dende a data de entrada no Rexistro Xeral do órgano competente para a súa tramitación, entenderanse rexeitadas por silencio administrativo.

As resolucións que recaian nos procedementos de outorgamento, modificación e extinción de autorizacións ou permisos e licenzas poñerán fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común poderán ser recorridas potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as tivera ditado ou seres impugnadas directamente ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

En todo caso, e para maior información sobre estes espectáculos pode dirixirse á Subdelegación do Goberno da Coruña.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, aprobado por RD 989/2015 de 30 de outubro. Instrución técnica complementaria núm. 8 que desenvolve o Regulamento de artigos pirotécnicos (entrada en vigor o 9 de maio de 2013).